



CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
concello@concellobueu.gal / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

BASES REGULADORAS DO XXIX PREMIO DE POESÍA JOHAN CARBALLEIRA

Co ánimo de contribuír a fomentar a poesía escrita en lingua galega, o Concello de Bueu impulsa o XXIX Premio de Poesía Johan Carballeira, que ten tamén por obxectivo o de homenaxear e dar a coñecer a figura do bueués Johan Carballeira.

1. OBXECTO, CONDICIÓNS E FINALIDADE

- O obxectivo das presentes bases é regular as condicións do XXIX Premio de Poesía Johan Carballeira.

- Poderán concorrer a el tódalas persoas físicas maiores de idade que presenten os seus orixinais escritos en lingua galega. Os textos, cuxa extensión deberá superar os 400 versos, terán que ser inéditos e non estar premiados en anteriores convocatorias do premio nin en ningún outro concurso de poesía (de suceder isto con posterioridade á presentación dos traballos, o/a autor/a deberá comunicarllo inmediatamente á organización).

2. ORZAMENTO DISPOÑIBLE

- O premio terá unha dotación única de 2.500 €, comprometéndose a imputación desta cantidade ao orzamento xeral do Concello de Bueu para o exercicio 2026 e a acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente con cargo á partida 334/481.00 (“Promoción Cultural. Premios e Becas”). A dotación do premio estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión. O premio, que é único e indivisible, poderá declararse deserto.

3. CONCORRENCIA COMPETITIVA

- Os premios inherentes a este concurso concederanse en réxime de concorrencia competitiva, previo estudo e valoración por parte do xurado.

4. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios de valoración dos poemarios por parte do xurado son os seguintes:

1) Orixinalidade no tratamento do tema: 4 puntos. Terase en conta se o traballo amosa unha ruptura co xeito convencional de abordalo, sorprende ao lector, inspira ou invita á reflexión e se presenta unha proposta innovadora que reflicte un alto grao de creatividade e de reflexión sobre o contexto e/ou os elementos que o conforman.

2) Emprego dunha linguaxe e estilo ricos: 3 puntos. Terase en conta a capacidade de utilizar as ferramentas da linguaxe galega de maneira coidadosa, precisa e evocadora/desafiante na selección e combinación de palabras, na fluidez e na estrutura narrativa, así como na elegancia da súa forma a través da riqueza dos seus recursos estilísticos.

3) Rigor e calidade da obra: 3 puntos. Valorarase a solidez, precisión, exhaustividade, coherencia e excelencia coa que o traballo presentado foi executado.





CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
concello@concellobueu.gal / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

5. PARTICIPANTES

- Consideráanse participantes as persoas físicas que concorran nas condicións establecidas nestas bases.

6. EMISIÓN E PAGAMENTO DOS PREMIOS

- A decisión do xurado, ademais de comunicarse ó gañador ou gañadora da convocatoria, anunciarase a través do taboleiro de anuncios da Sede Electrónica, no portal de transparencia e na páxina web do Concello: www.concellobueu.gal, así como nos medios de comunicación. Prevese que a entrega se produza nun acto público que se celebrará ao longo do 2026, ao que terá obriga de asistir a persoa gañadora.

- O pagamento dos premios farase mediante transferencia bancaria á persoa gañadora.

7. REQUISITOS PARA A CONDICIÓ DE PARTICIPANTE

- Non poderán obter a condición de participantes as persoas en quen concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

8. OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES E DAS PREMIADAS

- As persoas participantes deberán autorizar ao Concello de Bueu a que poida comprobar que non teñen débedas coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Bueu. No caso de que as persoas que se presenten ao concurso non autoricen a comprobación destes datos, deberán achegar os certificados que acrediten que están ao día no cumprimento das citadas obrigas/ que non teñen débedas coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Bueu.

- As persoas premiadas deberán estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello de Bueu.

9. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

- O prazo de presentación dos orixinais será desde a publicación do extracto das bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) ata o 30 de xuño de 2026.

- Aceptarase un só traballo por autor/a. Non poderán presentarse as persoas gañadoras das dúas últimas edicións do premio.

- A presentación dos traballos poderase facer mediante dúas fórmulas e seguindo o procedemento que se indica:

- **EN PAPEL:** De cada traballo teñen que presentarse 3 copias en tamaño folio, mecanografadas a dobre espazo, numeradas e grampadas ou encadernadas. Estas deberán vir identificadas cun título e/ou lema. As obras presentaranse en sobre pechado, coa indicación “*XXIX Premio de Poesía Johan Carballeira*”, no seguinte enderezo: Concello de Bueu, rúa Eduardo Vincenti, nº 8, 36930 Bueu (Pontevedra). No interior do





CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
concello@concellobueu.gal / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

sobre, ademais dos traballos, achegarase outro sobre pechado, identificado tamén con título e/ou lema, coa seguinte información: Título do traballo, nome do/a autor/a, DNI ou pasaporte, enderezo e número de teléfono e correo electrónico, así como unha declaración xurada na que se manifeste que o seu relato é orixinal, inédito e non premiado con anterioridade en calquera outro concurso ou certame. O selo que certifique a data de envío deberá de ser visible.

- **EN FORMATO DIXITAL:** mediante CD ou USB que incluírá na cuberta “*XXVIII Premio de Poesía Johan Carballeira*”, título da obra e un lema ou pseudónimo da persoa que sexa a súa autora; nun arquivo de tratamento de texto Word, OpenOffice ou PDF. A obra presentarse baixo o sistema de plica polo que se enviará un sobre á parte en cuxo exterior conste: “*XXIX Premio de Poesía Johan Carballeira*”, o título da obra e un lema ou o pseudónimo da persoa que sexa a súa autora; no interior incluírase o título do traballo, nome do/a autor/a, DNI ou pasaporte, enderezo e número de teléfono e correo electrónico, así como unha declaración xurada na que se manifeste que o seu relato é orixinal, inédito e non premiado con anterioridade en calquera outro concurso ou certame. O selo que certifique a data de envío deberá de ser visible.

10. XURADO

- O Xurado será nomeado pola Alcaldía do Concello de Bueu.
- En caso de ausencia dalgunha persoa integrante do xurado, poderá ser substituída por outra que para o efecto designe a Alcaldía.
- O xurado estará composto por tres persoas vinculadas á literatura galega e máis un/ha secretario/a que será un funcionario/a do Concello, con voz pero sen voto.

11. ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

- O órgano competente para a instrución da convocatoria, e posterior abono dos premios, será a persoa titular da Concellería de Cultura, Infancia, Mocidade Normalización Lingüística, de conformidade coa Resolución de Alcaldía núm. 2023-1428 do 21 de xullo de 2025, de Delegación de Atribucións, publicada no núm. 151 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, mentres que o órgano competente para a aprobación da convocatoria, a concesión de premios e abono dos mesmos, será a persoa titular da Alcaldía-Presidencia, de conformidade co previsto nos artigos 10.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en relación ao disposto no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo no Departamento de Cultura, nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei Xeral de Subvencións.
- O Concello de Bueu comprométese a salvagardar o anonimato dos participantes non premiados. As obras devolvanse por correo postal ás autoras e autores que o soliciten no prazo





CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Víncenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
concello@concellodebueu.gal / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

de dous meses contados dende o día seguinte ao da resolución do xurado. Tanto os arquivos dixitais recibidos como os traballos non reclamados en prazo serán destruídos.

- O Concello de Bueu resérvase durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada, en tódalas linguas do Estado. Nese sentido, o/a autor/a renuncia a favor do Concello, na 1ª edición, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor/a. De existiren posteriores edicións deberase facer constar que a obra recibiu o “XXIX Premio de Poesía Johán Carballeira”.

12. PUBLICIDADE

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, mediante o extracto remitido pola BDNS, no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Bueu e no sitio web municipal, ademais de no portal de transparencia. Todas as publicacións posteriores á publicación destas bases faranse na web www.concellodebueu.gal.

13. ACEPTACIÓN DAS BASES E PROTECCIÓN DE DATOS

- A participación no concurso implica a aceptación total das bases desta convocatoria. A súa interpretación correspóndelle exclusivamente ao xurado. As persoas que se presentan a este concurso autorizan expresamente o Concello de Bueu ao uso dos datos persoais achegados para os efectos relacionados co certame.

- De conformidade co Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais obtidos serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Bueu cuxa finalidade é a xestión do presente concurso. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente mediante un escrito dirixido ao Concello de Bueu a través do correo electrónico concello@concellodebueu.gal.

- O Concello de Bueu resérvase o dereito de reprodución dos traballos premiados, así como de calquera outro presentado ó certame, na forma e o medio que estime máis conveniente, aínda que incluíndo sempre o nome de cada autor/a.

- O Concello de Bueu declina a responsabilidade que poida darse no caso de que a obra gañadora faga mención a persoas vivas e circunstancias reais das que non se teña coñecemento e non se faga referencia expresa á autorización das persoas interesadas. Será responsable unicamente o autor/a.

14. RECURSOS

Contra o acordo da aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112 e seguintes e 124 e seguintes da LPACAP) ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo perante o correspondente xulgado de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo,





CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Víncenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)
concello@concellobueu.gal / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400J. Rex. E.111

reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, todo isto no prazo establecido no artigo 46 da citada lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

(Documento asinado electronicamente á marxe)

